



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

Rúa Devesa nº 6

36750 BANDEIRA - SILLEDA

EMAIL : ceip.ramon.valenzuela@edu.xunta.es

TF: 886 15 17 18

ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR CURSOS 3º, 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Orde do 3 de maio de 2019, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir material escolar destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria para o seu uso no curso escolar 2019/20 (DOG nº 94 do luns 20 de maio de 2019).

É requisito imprescindible para acollerse a esta convocatoria: **ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2018/2019 (a excepción do alumnado que cursou 1º e 2º de educación primaria)**. O prazo máximo para a devolución dos libros é o **21 de xuño de 2019**.

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles (os adquiridos coas axudas do curso 2018/19) por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

A contía da axuda para a adquisición de material escolar será de 50€ para as familias con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400€.

Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, tendo en conta o **exercicio fiscal de 2017**, e dividindo entre o número de membros computables da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns). A estes efectos, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2017, para efectos do cálculo da renda sumaran os recadros 415 (base impoñible xeral) e a 435 (base impoñible do aforro) da declaración. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o ejercicio 2017.

As familias poderán entregar as solicitudes no colexio, xunto coa documentación, **ata o 21 de xuño inclusive (entre as 9:30 h e as 12:30 h. na secretaría do centro)**. Deberán presentar unha única solicitude para todos os seus fillos/as. O impreso pode pedirse no colexio, a través do seu fillo/a, ou tamén se pode descargar do portal educativo no endereço electrónico <http://www.edu.xunta.es> ou na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramonvalenzuela/>, en ambos os dous enderezos está tamén a orde que regula todo o proceso.

Ademais da solicitude terán que presentar a seguinte documentación:

- **Orixinal e copia** do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2017, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar, tales como:

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
2. Certificado ou volante de **convivencia**.
3. Informe dos servizos sociais ou órgano do concello de residencia que acredite a situación familiar.
4. Certificado de defunción.

No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2017:

1. Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
3. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

(*)No caso de non autorizar a consulta telemática, achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.

A documentación que se presente deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

Bandeira, 21 de maio de 2019

A Directora



Asdo. Susana Matos Daparte